

ct

O charco de Ulises

de
Santiago Cortegoso

(Fragmento en galego)

A Cora e Nuno, sen dúbida

*Cando cara a Ítaca saias na viaxe,
desexa que o camiño sexa longo,
pleno de aventuras, pleno de coñecementos.*
Kavafis, Ítaca

*Este océano desatracou das costas
e os ventos da Roseta
orientáronse ao esquezo*
Manuel Antonio, Sós

CANTO I
TECENDO XUSTIZA

PENÉLOPE tece unha rede no peirao de Ítaca. LAERTES cruza a escena cun barquiño nas mans. Chega o CORO DE PRETENDENTES.

PRETENDENTE 1

Abre as pernas, Penélope.

PRETENDENTE 2

Alégrate, nai de Telémaco.

PRETENDENTE 3

Hoxe cúmprese o prazo.

PRETENDENTE 1

Hoxe cambia o mundo, Penélope.

PRETENDENTE 4

A espera rematou.

PRETENDENTE 5

Esquece a tristeza.

PRETENDENTE 2

Esquece a costura.

PRETENDENTE 4

Esquece a Ulises.

PRETENDENTE 3

E pensa no cabalo.

PRETENDENTE 1

Abre as pernas, Penélope.

PRETENDENTE 2

Prepara unhas boas sabas de seda.

PRETENDENTE 4

Goza do teu novo marido.

PRETENDENTE 5

Quita as teas de araña, Penélope.

PRETENDENTE 3

Perfúmate con auga de rosas.

PRETENDENTE 2

Pon esas bragas de encaixe.

PRETENDENTE 5

Solta o pelo.

PRETENDENTE 1

Depílate ben, Penélope.

PRETENDENTE 2

Pensa no cabalo que che vai abrir as portas de Troia.

PRETENDENTE 3

Pensa no cabalo que te vai facer arder.

PRETENDENTE 5

Sinte o lume de tantos anos.

PRETENDENTE 4

Esquece a Ulises.

PRETENDENTE 1

E pensa no mar que está a romper no teu interior.

PRETENDENTE 2

Imos matar os dez mellores porcos de Laertes.

PRETENDENTE 5

E unha ducia de carneiros cornudos.

PRETENDENTE 4

Abre o mellor viño da bodega.

PRETENDENTE 1

Abre as pernas.

PRETENDENTE 3

Bebe un bo grolo, Penélope.

PRETENDENTE 1

Rematou a seca.

PRETENDENTE 4

Xa está ben de pasar sede.

PRETENDENTE 2

Xa está ben de pasar fame.

PRETENDENTE 3

Lávate en leite de egua, Penélope.

PRETENDENTE 1

Molla os peitos.

PRETENDENTE 2

Molla as cadeiras.

PRETENDENTE 1

Molla as pernas.

PRETENDENTE 2

Molla entre as pernas.

PRETENDENTE 4

Alégrate da túa fortuna.

PRETENDENTE 5

Traga, Penélope.

PRETENDENTE 3

Traga, Penélope.

PRETENDENTE 2

Traga, Penélope.

PRETENDENTE 1

Traga, Penélope.

PRETENDENTE 4

Traga, Penélope.

PENÉLOPE

Deixádeme! Non podo.

PRETENDENTE 4

Ulises está morto, Penélope.

PENÉLOPE

Non o está.

PRETENDENTE 5

Tes que pensar en ti.

PENÉLOPE

Está vivo. Presíntoo.

PRETENDENTE 2

Es a viúva dun morto.

PRETENDENTE 3

Levas anos sen saber nada del.

PENÉLOPE

Aínda que pasen cen anos, hei esperar por Ulises.

PRETENDENTE 1

El esqueceuse de ti. Por que lle vas ser fiel?

PENÉLOPE

Ha volver. Sei que ha volver.

PRETENDENTE 2

Non vai volver nunca.

PRETENDENTE 3

Tragouno o mar.

PRETENDENTE 4

Afundíuse, igual que el afundiú Troia.

PRETENDENTE 1

Este pobo necesita un rei.

PRETENDENTE 2

Esta casa necesita un rei.

PRETENDENTE 5

E ti necesitas un home.

PRETENDENTE 3

Necesitas un bo cabalo.

PRETENDENTE 1

Necesítalo, Penélope.

PRETENDENTE 2

Necesítalo.

PRETENDENTE 4

Rematou a costura, Penélope.

PRETENDENTE 3

Non sexas parva.

PRETENDENTE 1

Obedece o teu corpo.

PRETENDENTE 5

Laertes vaino comprender.

PRETENDENTE 4

Non es de pedra, Penélope.

PRETENDENTE 1

Abre as pernas.

PRETENDENTE 2

Eses peitos están secos, Penélope.

PRETENDENTE 1

Esas coxas están secas, Penélope.

PRETENDENTE 3

Vimos como te tocabas no peirao.

PRETENDENTE 5

Mirando o mar.

PRETENDENTE 2

Tocábaste, Penélope.

PENÉLOPE

Estaba a pensar nel.

PRETENDENTE 4

Deixa a costura.

PRETENDENTE 1

Deixa as redes do teu sogro.

PENÉLOPE

Eu quero a Ulises.

PRETENDENTE 4

Ulises non está.

PENÉLOPE

Está en Bos Aires.

PRETENDENTE 5
Esquéceo, Penélope.

PENÉLOPE
Ha regresar algún día comigo e con Telémaco.

PRETENDENTE 2
Non vai regresar.

PRETENDENTE 1
Por que te empeñas en ser infeliz?

PRETENDENTE 3
Non ten sentido que continúes a esperar.

PRETENDENTE 4
Tece o teu presente, Penélope.

PRETENDENTE 5
Tece a paz do teu corpo.

PRETENDENTE 2
Tece, Penélope.

PRETENDENTE 1
Tece, Penélope.

PRETENDENTE 3
Tece, Penélope.

PRETENDENTE 4
Tece, Penélope.

PRETENDENTE 5
É de xustiza.

PRETENDENTE 2
É de xustiza.

CORO PRETENDENTES
É de xustiza! É de xustiza! É de xustiza!

PENÉLOPE
Estádesme a falar vós de xustiza?
Quen sodes vós para falar de xustiza?
Xustiza é que faga co meu corpo o que me pete.
Non necesito ningún home para vivir. E menos un covarde coma vós.

Se quedastes aquí foi porque non tivestes valor para marchar.
E non tedes valor para facer de Ítaca unha terra rica como Troia.
Quedastes aquí os torpes. Os débiles.
Non esperarei por Ulises se non quero, pero serei eu mesma quen teza as redes da miña vida.
Fóra da miña casa.
Fóra! Fóra!

CANTO II
TELEMAQUIA I. O CHEIRO DE TROIA

NÉSTOR pesca no peirao de Pilos. TELÉMACO chega con PISÍSTRATO, que queda afastado.

TELÉMACO
Perdoe, vostede é Néstor?

NÉSTOR
Depende.

TELÉMACO
Non quero molestalo.

NÉSTOR
Como chegaches ata min?

TELÉMACO
Coñecín ao seu fillo Pisístrato.

NÉSTOR
Será imbécil...

TELÉMACO
Perdoe...

NÉSTOR
Vaite. Espántasme os peixes.

TELÉMACO
Quería falar con vostede.

NÉSTOR
Ti es parvo, rapaz?

TELÉMACO
É un momento...

NÉSTOR

Picara. Acábasme de estragar unha robaliza.

TELÉMACO

Son Telémaco, o fillo de Ulises.

NÉSTOR

Non cho creo.

TELÉMACO

Quero saber onde está meu pai.

NÉSTOR

Para que?

TELÉMACO

Cando marchou para Troia, eu aínda non nacera. Quero saber se aínda está vivo.

NÉSTOR

Eu tamén.

TELÉMACO

Como?

NÉSTOR

A min tamén me gustaría saber se está vivo para irlle cortar os collóns.

TELÉMACO

Por que?

NÉSTOR

Non che mandou cartos?

TELÉMACO

A min? Non.

NÉSTOR

Esquece a teu pai. Déixao estar.

TELÉMACO

Onde está agora? Vostede ten que sabelo.

NÉSTOR

Non te asemellas a el. Ti débeslle de saír a túa nai. Teu pai non pedía nada. Non preguntaba. Se quería algo, ía a onde sabía que o podía atopar e collíao. Os medios dábanlle igual. As súas astucias foron as máis desapiadadas, pero as máis útiles. Sabes o do cabalo?

TELÉMACO

O cabalo?

NÉSTOR

Grazas a el conseguimos darlle polo cu a Príamo; grazas a el podemos estar orgullosos; os que sobrevivimos, claro.

TELÉMACO

Que pasou en Troia?

NÉSTOR

Habías preferir non sabelo.

TELÉMACO

Quero sabelo, sexa o que sexa.

NÉSTOR

Ti estiveches algunha vez diante dun cadáver?

TELÉMACO

Non.

NÉSTOR

Cheiraches algunha vez sangue humano? Ese é o recordo que me quedou a min de Troia: o fedor do sangue derramado nas pedras, a evaporarse pola calor. O cheiro das vísceras do meu fillo, un cheiro noxento, a animal podre, cando era o único ser humano polo que atopaba algunha razón para vivir. Litros de sangue para que? Mira para min: así somos os que sobrevivimos. Paréceche que gozamos da vitoria? Os mortos tiveron máis sorte.

TELÉMACO

E meu pai?

NÉSTOR

Sodes unha xeración de inútiles. Non tedes nin puta idea do que é a vida. Démosvolo todo e deixámosvos aparvados. Nunca ides asumir o voso papel na historia.

TELÉMACO

Meu pai está morto?

NÉSTOR

Éralle mellor. Pero o moi fillo de puta volveu.

TELÉMACO

Non. Nunca regresou.

NÉSTOR

Eu cobreí a miña parte e a tomar polo cu. Cheguei á casa e non quixen saber máis nada.

TELÉMACO

Non me pode dar algunha pista sobre onde pode estar?

NÉSTOR

Vai a Esparta. Pregúntalle ao cornudo.

TELÉMACO

Quen?

NÉSTOR

Menelao.

TELÉMACO

Onde vive? Pódeme dar un enderezo?

NÉSTOR

Dille ao subnormal do meu fillo que te leve.

TELÉMACO

Pisístrato?

NÉSTOR

Que faga algo útil, xa que non morreu. Era mellor que morrese el e non o irmán.

TELÉMACO

Grazas.

NÉSTOR

Pero pénsao ben. Mira se ten sentido o que estás a facer. En canto te escoite falar, Ulises vaite mandar á merda. Non es un fillo digno para un cabronazo coma el.

TELÉMACO

Por que di iso?

NÉSTOR

Hostia! Picou. Ten que ser ben gordo. Ven aquí, fillo de puta, a ti voute papar ben churrascado, cabrón. Merda! Soltouse. Cago na puta! Larga de aquí, rapaz. Traes mala sorte.

TELÉMACO

Grazas pola información.

NÉSTOR

Vaite! E non volvas!

TELÉMACO

Adeus.

TELÉMACO e PISÍSTRATO.

PISÍSTRATO

Que? Díxoche algo?

TELÉMACO

Que me leves onda Menelao.

PISÍSTRATO

E queres ir?

TELÉMACO

Claro.

PISÍSTRATO

Por que tes tanta paranoia con atopar a teu pai?

TELÉMACO

Desde hai anos, subo cada día á cima do monte Nérito e desde alí véxoo chegar no barco ao porto de Retro. Pero, de súpeto, a auga vai desaparecendo da enseada de Ítaca como se alguén sacase un tapón nas profundidades do océano. Ulises estende o brazo cara a min desde a cuberta, mentres un buraco negro o vai tragando, a el e mais ao barco, ata desaparecer escorréndose entre as pedras e a lama. Outras veces é un animal mariño xigante o que o agarra entre algún dos seus múltiples tentáculos para lanzalo de volta ao océano, moi lonxe da costa. Cando se volve achegar, outro tentáculo lánzao de volta con máis forza. Vino miles de veces.